

Educar para a paz en tempos de pandemia



Dous nenos ca. 1918
Fonte: *National Archives* (2021)¹

O mundo enteiro leva xa máis dun ano sofrendo as consecuencias dunha variante virulenta de coronavirus, a COVID-19. Cómpre lembrar que hai máis dun século, de 1918 a 1920, outra pandemia mortal arrasou no mundo: a mal-chamada “gripe española”. Non se coñece a orixe exacta desa variante tan agresiva da gripe, responsábel duns 50 millóns de mortes a nivel mundial, mais cando brotou aínda seguían os combates da I Guerra Mundial, e a prensa internacional tiña as mans atadas á hora de informar sobre as vulnerabilidades das respectivas poboacións dos países en guerra. Dado que o Estado español se mantiña neutral, houbo vía libre para informar sobre as verdadeiras consecuencias do virus dentro das súas fronteiras. De aí a asociación popular do virus con España, a pesar de que as investigacións máis recentes veñen revelando que en realidade podería terse orixinado ou ben nunha zona agrícola de Kansas, Estados Unidos, ou ben nalgún lugar da Asia oriental, en ambos casos ligado á explotación porcina².

Sexan cales foren as orixes da pandemia de 1918 ou de 2020, unha cousa fica clara: un virus non entende de fronteiras. Tal e como vén sinalando a Organización Mundial da Saúde (OMS), só un alto grao de cooperación internacional —non de antagonismo ou competitividade— pode poñer fin a unha ameaza global como o coronavirus. E cabe sinalar co gallo do Día Escolar da Nonviolencia e da Paz que a solidariedade entre países e culturas, alén das pandemias, tamén constitúe unha pedra angular da cultura de paz, a cal recibiu un importante empurrón coa creación da propia Organización de Nacións Unidas (ONU) en 1945, tras a devastación da II Guerra Mundial.

Non cabe dúbida que os centros educativos xogan un papel primordial no fomento non só desa cultura de paz e cooperación a todo nivel, senón tamén da comprensión das múltiples e moi diversas maneiras de frear a pandemia. Debemos recoñecer que as comunidades educativas galegas están a facer un labor descomunal neste sentido, poñendo en marcha toda unha serie de medidas complexas e seguras para protexer o alumnado e persoal, e para manter abertas (no posíbel) as súas portas ante este enorme desafío, incluso ante a negativa da Xunta de Galicia de empregar os fondos proporcionados polo goberno estatal no ano 2020 para reducir o número de estudantes por cada docente³.



Nesta conxuntura da pandemia, AGAPPAZ —agrupamento trans-fronteirizo de educadores/as que inclúe o grupo de traballo Educadoras/es pola Paz de Nova Escola Galega (NEG) e os/as integrantes do *Movimento de Educadores pola Paz* (MEP) de Portugal— tivemos dificultades para realizar o Encontro anual galego-portugués, programado en Castro Laboreiro para o pasado 25 de abril de 2020. A situación actual aconsella non planificar para este ano tampouco, aínda que retomaremos o XXXV Encontro en tanto as circunstancias o permitan para dar continuidade a unha longa e fermosa tradición iniciada por Suso Jares alá no ano 1986⁴. Namentres, desexamos que o 30 de xaneiro continúe inspirando xeracións de integrantes das comunidades educativas a elixir o camiño da paz.

**Grupo de traballo Educadoras/es pola Paz
Nova Escola Galega
Santiago de Compostela
Día Escolar da Nonviolencia e da Paz
30 de xaneiro de 2021**

Notas

¹ National Archives (2021). The Flu Pandemic of 1918. *National Archives News*. URL: <https://www.archives.gov/news/topics/flu-pandemic-1918>.

² Para máis información sobre as orixes da gripe de 1918, véxase Vergano, Dan (2014). 1918 Flu Pandemic That Killed 50 Million Originated in China, Historians Say. *National Geographic* (24 de xaneiro). URL: <https://www.nationalgeographic.com/news/2014/1/140123-spanish-flu-1918-china-origins-pandemic-science-health/>. Véxase tamén: National Archives (2021). The Flu Pandemic of 1918. *National Archives News*. URL: <https://www.archives.gov/news/topics/flu-pandemic-1918>. Ademais podemos recomendar dous documentos audiovisuais publicados en *YouTube* que abordan esta temática: 1) “Coronavirus un desafío a nuestro modelo social” (5 de abril de 2020) no URL https://www.youtube.com/watch?v=hENe_R_Xfmw; e 2) “Deadliest Plague of the 20th Century: Flu of 1918” (2 de outubro de 2018) no URL <https://www.youtube.com/watch?v=UDY5COg2P2c>.

³ Véxase Pérez Pena, Marcos (2020). A Xunta pide non reducir as ratios de alumnado por aula para previr o coronavirus, sinalando que non hai fondos para facelo. *Praza Pública* (11 de xuño de 2020) no URL <https://praza.gal/acontece/a-xunta-pide-non-reducir-as-ratios-de-alumnado-por-aula-para-previr-o-coronavirus-sinalando-que-non-hai-fondos-para-facelo>.

⁴ Véxase Jares, Xesús R. (2008). *Educación e paz I: 25 anos de Educadores pola Paz*. Vigo: Xerais.